


# ACTIVIDADES

## 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

### AS PITAS BAIXO A CHOIVA

Aquel serán, detrás dunha fiestra, eu ollaba chover. E de súbito vin as pitas. Malpocadas! Coas colas baixas, a cabeza afundida, achegadas ao muro, nos recunchos, esmorecidas, murchas, tristeiras, a auga escorregaba por riba delas, teimosa, cruelmente. Non o puiden aturar. Baixei como un lóstrego e abrinlles a porta da casa. Mais as galiñas non se moveron. Chameinas en van. «Churras, churras». E saín ao curro, atafegado, para conducir a grea a teito. Mais cando chegaba cabo dunha ave, esta fuxíame e afastábase máis cada vez. Así, mollado eu mesmo ata non poder máis, púxenme a berrar e a chorar con moito desconsolo.



RICARDO CARVALHO CALERO

## 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

# AS PITAS BAIXO A CHOIVA

1.- Que tempo facía aquel día? Arrodea e pinta.


**QUENTABA O SOL**

**ORBALLABA**

**CHOVÍA**

**NEVABA**

2.- Que animais apareceron de súbito? Arrodea e pinta



3.- Como estaban as pitas? Arrodea tres palabras.

**MURCHAS ALEGRES ESMORECIDAS  
LEDAS FELICES TRISTEIRAS ALEGRES**

4.- Como chamou Ricardo as galiñas?

---

5.- Que fixo o neno ao final?

---

6.- Onde vive cada animal?

Une cada animal co sitio onde vive ou se garda.








<b>GALIÑA ■</b>	<b>■ COLMEA</b>
<b>VACA ■</b>	<b>■ COELLEIRA</b>
<b>COELLO ■</b>	<b>■ GALIÑEIRO</b>
<b>PORCO ■</b>	<b>■ CORTELLO</b>
<b>ABELLA ■</b>	<b>■ CURRO</b>
<b>POMBA ■</b>	<b>■ POMBAL</b>

7.- Usando as palabras do recadro completa o texto.




**moveron van porta galiñas lóstrego casa**

Baixei como un \_\_\_\_\_ e abrinlles a  
\_\_\_\_\_ da \_\_\_\_\_. Mais as  
\_\_\_\_\_ non se \_\_\_\_\_. Chameinas  
en \_\_\_\_\_.

8.- Pinta cada unha das partes desta cabeza de galiña, recórtala, móntala e péga a sobre un pau pequeno.



9.- Un lóstrego é un resplandor producido por un raio, pero ese resplandor ten no noso idioma outros nomes. Segue as liñas e averigua e escribe o nome de tres deles.



10.- Unha manda é un conxunto de porcos. Saberías dicir cal é o nome destes conxuntos de animais?

BANCO RABAÑO ENXAMIO MANDA RECUA BANDADA


- Un conxunto de porcos é un \_\_\_\_\_
- Un conxunto de abellas é un \_\_\_\_\_
- Un conxunto de peixes é un \_\_\_\_\_
- Un conxunto de aves é unha \_\_\_\_\_
- Un conxunto de ovellas é un \_\_\_\_\_
- Un conxunto de cabalos é unha \_\_\_\_\_

11.- Os galegos e galegas temos moitas palabras para referírmonos ao vento ou á choiva. Coloca cada unha destas palabras no seu sitio, segundo sexan da familia do vento ou da choiva.

AIRE BALLÓN BRISA BRÉTEMA ORBALLO  
VENDAVAL BABUXA REMUIÑO POALLA TIFÓN

		R					S	
	R							
			D					
						F		



					X						
				N		B					
					M					L	

12.- Separa e conta as sílabas das palabras.







GALOS    

CRISTAS    

MORADAS     

RAQUÍTICAS      

13.- Une cada símbolo co seu significado e localiza os nomes na sopa de letras.

	<b>CHOIVA</b>	
	<b>NEVARADA</b>	
	<b>TREBOADA</b>	
	<b>NUBOSO</b>	
	<b>SOLLEIRO</b>	
	<b>BRÉTEMA</b>	

N	E	V	A	R	A	D	A	D	T
N	S	P	M	P	B	R	S	D	B
U	C	B	C	H	O	I	V	A	S
B	D	T	R	E	B	O	A	D	A
O	T	L	M	N	I	F	S	P	L
S	O	L	L	E	I	R	O	G	C
O	B	R	E	T	E	M	A	R	B

-No texto aparecen 3 pitas, 3 bolboretas, 3 gatos... Conta de 3 en 3 dende o 320 ata o 350.

320- \_\_\_\_ - \_\_\_\_ - \_\_\_\_ - \_\_\_\_ - \_\_\_\_ - \_\_\_\_ - \_\_\_\_ - \_\_\_\_ - \_\_\_\_ - 350

-Realiza:

$$402 + 3 = \underline{\quad} + 3 = \underline{\quad} - 2 = \underline{\quad} + 3 = \underline{\quad} - 2 = \underline{\quad} + 3 = 410$$

$$2 \times 2 = \underline{\quad} \times 1 = \underline{\quad} - 2 = \underline{\quad} \times 3 = \underline{\quad} - 1 = \underline{\quad} \times 4 = 20$$

$$12 \times 2 = \underline{\quad} - 2 = \underline{\quad} \times 4 = \underline{\quad} - 30 = \underline{\quad} + 4 = \underline{\quad} \times 2 = 124$$

-No galiñeiro había 12 galiñas brancas, 9 marróns e 7 negras. Cantas pitas había en total?

Había \_\_\_\_ galiñas en total

-Cantas galiñas brancas hai máis ca negras?

Hai \_\_\_\_ galiñas \_\_\_\_\_